



PLAN ESPECÍFICO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES A REALIZAR EN  
HORARIO VESPERTINO.

- 1 Introducción.
- 2 Entidades colaboradoras.
  - 2.1 AMPA “San Isidro”.
  - 2.2 Obradoiro de cultura tradicional Chorima.
  - 2.3 Agrupación deportiva Esquíó.
  - 2.4 Escola municipal de música de Rois.
  - 2.5 Concello de Rois.
- 3 Instalacións dispoñibles.
  - 3.1 Pavillón polideportivo municipal de Rois.
  - 3.2 Escola municipal de música de Rois.
  - 3.3 Edificio de usos múltiples do Concello de Rois.
    - 3.3.1 Salón de actos
    - 3.3.2 Espacios multifuncionais.
    - 3.3.3 Biblioteca municipal.
  - 3.4 Dependencias do CPI dos Dices.
    - 3.4.1 Aula de informática do CPI dos Dices.
    - 3.4.2 Biblioteca do CPI dos Dices.
    - 3.4.3 Aula de Plástica do CPI dos Dices.
    - 3.4.4 Aula de música do CPI dos Dices
    - 3.4.5 Outros espazos.
  - 3.5 Piscina climatizada municipal de Padrón.
- 4 Tipos de actividades que se ofertarían.
  - 4.1 Deportivas.
  - 4.2 Artísticas.
  - 4.3 Musicais.
  - 4.4 Literarias.
  - 4.5 Científico-tecnolóxicas.
  - 4.6 Estudo.
  - 4.7 Reforzo e recuperación.
  - 4.8 Orientación académica, profesional, persoal...
  - 4.9 Educación sexual, prevención de drogodependencias, educación vial...
- 5 Horario das actividades.
- 6 Funcións do profesorado.
- 7 Medios de transporte.
- 8 O Plan Concilia.
- 9 Viabilidade económica.



## 1 Introducción.

Ao abeiro do que establece a orde de 29 de maio de 2008 (DOGA do 6 de xuño) sobre o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá no seu título Terceiro, debe explicitarse un plan específico de actividades extraescolares que se desenvolverán pola tarde.

No caso do proxecto presentado para a implantación de dita xornada única de mañá no CPI dos Dices, o plan específico de actividades sería un plan continuísta do que se vén realizando nos últimos anos, se ben considerablemente mellor dotado tanto de recursos humanos, materiais e temporais.

Neste plan específico de actividades extraescolares trataremos de recoller tódalas opcións que se poñerán á disposición do noso alumnado, tanto as que se realizarán no propio centro como as que se realizarán no contorno en cooperación coas entidades locais que xa o veñen facendo.

## 2 Entidades colaboradoras.

No concello de Rois a presenza de varias entidades vén marcando unha alta animación social en temas culturais. Grande cantidade de actividades conforman a oferta que o noso alumnado ten á súa disposición, se ben sempre hai queixas acerca da falta de tempo do alumnado para poder participar nas mesmas e ademáis cumprir coas súas obrigas académicas. Coa implantación da xornada única este problema estaría resolto. As principais entidades colaboradoras son:

### 2.1 ANPA “San Isidro”.

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos “San Isidro” de Rois, vén cooperando co CPI dos Dices dende hai moitos anos en tódolos aspectos da vida do centro, amosándose como unha asociación democrática, participativa, respectuosa e enormemente activa. No que atinxe ás actividades que teñen



organizado en cursos anteriores, cabe resaltar: clases de varias modalidades deportivas, obradoiros de pintura, clases de instrumentos musicais (antes de haber a Escola municipal de música), clases de baile, de informática, de habilidades acuáticas, entre outras. A oferta tan variada que presenta ao noso alumnado ano tras ano non ten a aceptación que debera por mor da escaseza de tempo que alegan alumnos e familias co horario actual.

## 2.2 Obradoiro de cultura tradicional Chorima.

O OCT Chorima, de Rois, é unha asociación adicada a recuperar, sobre todo nas persoas máis novas, a cultura popular e tradicional de Galicia a través de expresións artísticas como o baile e a música. Dende hai anos e ininterrompidamente alumnos e alumnas do CPI dos Dices veñen participando nesta asociación acadando un alto nivel que os ten levado mesmo a actuacións a nivel internacional.

A grande dificultade de Chorima é a falta de tempo e de dispoñibilidade do alumnado do noso concello que vive distante ao centro, algo que se vería solventado gracias á modificación da xornada.

## 2.3 Agrupación deportiva Esquíó.

Ao abeiro dunha iniciativa do CPI dos Dices, un grupo de pais de alumnos do centro crearon unha agrupación adicada ao fomento da práctica deportiva entre o alumnado fóra do horario lectivo. Esta agrupación é Esquíó, de Rois, e abarca varias modalidades deportivas, como o patinaxe, o fútbol sala e outras que se ofertaron en ocasións sen éxito, debido á falta de tempo e de posibilidades de locomoción do alumnado e as súas familias.

Coa instauración da xornada lectiva de mañá, as tardes serían moi propicias para o fomento da práctica deportiva, onde Esquíó adquire o seu protagonismo.

## 2.4 Escola municipal de música de Rois.

Tras a construción do edificio que alberga as aulas de ESO no CPI dos Dices, quedou dentro do recinto escolar un edificio destinado inicialmente a ser a vivenda do conserxe. Como nunca se lle deu uso, iniciouse tras unha solicitude do



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES**

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

---

concello de Rois o proceso de desafectación que levou a este edificio a converterse na Escola de música municipal. Cabe destacar que inicialmente se atopaba dentro do recinto escolar e que, aínda que agora se pechou para que quede fóra, está xusto ao lado do centro educativo e do pavillón polideportivo municipal.

Esta escola de música presenta unha ampla oferta de estudos que se poden cursar dende as máis temperás idades. Varios alumnos e alumnas do centro están a estudar linguaxe musical, solfeo, guitarra, acordeón, saxofón, percusión... cuns resultados notables.

## 2.5 Concello de Rois.

O concello de Rois, a través do seu persoal adicado á animación sociocultural, deportiva, de biblioteca e á Fundación Pro-Patrimonio de Rois, vén convocando unha grande cantidade de actividades para a mocidade e a infancia do concello. Entre estas actividades podemos citar:

- Curso de restauración de hórreos.
- Campo de traballo de excavacións arqueolóxicas no castro de Socastro (Rois).
- Actividades de fomento da lectura na biblioteca municipal.
- Competicións deportivas organizadas polo animador deportivo do concello de Rois.
- Exposicións fotográficas e de pintura.
- Diversos cursos relacionados co anterior.
- Representacións teatrais.
- etc.

## 3 Instalacións dispoñibles.

### 3.1 Pavillón polideportivo municipal de Rois.

Esta instalación atópase dentro do recinto escolar. Por proximidade e polivalencia semella o lugar idóneo para poder levar a cabo aquelas actividades deportivas que presenten unha demanda entre o alumnado. Permite a práctica de modalidades deportivas como o patinaxe, fútbol sala, balonmán, baloncesto, voleibol, tenis, tenis de mesa, badminton, baile deportivo, korfbal, etc., así como o



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES**

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: [cpi.dos.dices@edu.xunta.es](mailto:cpi.dos.dices@edu.xunta.es)

---

baile tradicional e outras actividades que precisen dun espazo amplo e sen obstáculos. Ademais da pista polideportiva o pavillón tamén ten un ximnasio, lugar de menores dimensións pero pavimentado e dotado de espaldeiras, axeitado para actividades como aerobio, step, karate, etc.

### 3.2 Escola municipal de música de Rois.

Á marxe do explicitado anteriormente acerca da Escola municipal de música, como instalación presenta varias aulas separadas acondicionadas para as ensinanzas que nelas se imparten, así como dos instrumentos e outros materiais precisos para elo. Conta cunha nómina de profesores de alta cualificación, así como a súa directora, que é profesora de música no CPI dos Dices.

### 3.3 Edificio de usos múltiples do Concello de Rois.

O edificio de usos múltiples do Concello de Rois alberga a escola infantil (denominada anteriormente Galescola, agora Galiña Azul) e uns espazos que se poden empregar nas actividades vespertinas. Cabe resaltar a proximidade ao centro educativo, xa que nun desprazamento a pe se tarda ao pe de catro minutos en chegar. Os espazos a utilizar son o salón de actos, espazos multifuncionais, biblioteca municipal e aula de informática municipal.

#### 3.3.1 Salón de actos

Cun aforo dunhas 150 persoas, é moi axeitado para actividades como teatro, canto, danza, etc. Tamén se poden organizar ciclos de cine, por exemplo.

#### 3.3.2 Espacios multifuncionais.

Trátase de espazos abertos debidamente iluminados e climatizados que se poden empregar para clases ou exposicións de actividades como pintura, fotografía, obradoiros de literatura...



### 3.3.3 Biblioteca municipal e aula de informática.

Espazo axeitado para a lectura, o estudo e a consulta de obras bibliográficas, moi ben dirixido e cun grande número de actividades organizadas pola súa responsable. Na aula de informática o alumnado pode adentrarse na alfabetización TIC, ademáis de facer traballos para a escola, buscar apuntamentos, consultar enciclopedias on-line, etc.

### 3.4 Dependencias do CPI dos Dices.

Ademáis das instalacións dispoñibles no contorno do colexio, hai que contar con que o centro estaría aberto e atendido por profesorado o cal, dentro da súa xornada laboral, organizaría diversas actividades, en función da demanda e dispoñibilidade do alumnado, por unha parte, e doutros factores como convocatorias da administración educativa, concursos ou liñas de actuación previstas para o centro. As instalacións do CPI dos Dices que estarían dispoñibles para realizar actividades serían:

#### 3.4.1 Aula de informática do CPI dos Dices.

Atendida por un membro da comisión TIC do centro, estará dispoñible para que o alumnado poida realizar as actividades que precise dentro da súa vida académica, así como outras que se organizarán. Cabe mencionar aquí que neste centro educativo se veñen realizando multitude de actividades dentro do ámbito das TIC, que formamos parte da REDETIC de centros, que estamos no plan AGREGA e que a informática está presente no currículo en diferentes materias ao longo de tódolos niveis educativos. Actividades que se poderían organizar para as tardes na aula de informática:

- Potenciación da aula virtual que xa está a funcionar no centro.
- Crear un grupo de alumnos/as que se encarguen do mantemento da web do centro.
- Cursos de ofimática básica para o alumnado.
- Cursos de internet para o alumnado.
- etc.



### 3.4.2 Biblioteca do CPI dos Dices.

Nos últimos anos fíxose un grande investimento tanto a nivel económico como de recursos humanos na biblioteca do CPI dos Dices. Isto posibilita que agora teñamos dous espazos dispoñibles para poder facer actividades relacionadas co fomento da lectura, e onde tamén impartiremos cursos sobre técnicas de estudo. A biblioteca será un lugar de lectura e estudo, sempre atendida por profesorado especializado, onde o alumnado poderá ir a consultar información, estudar ou simplemente ler.

### 3.4.3 Aula de Plástica do CPI dos Dices.

A aula de Plástica permitiría, nas tardes nas que estivera aberta, que o alumnado realizase actividades tales como cursos de pintura ou escultura, sesións de debuxo técnico ou artístico, e a realización de proxectos relacionados coas artes plásticas e o deseño.

### 3.4.4 Aula de música do CPI dos Dices

Á marxe da Escola de Música municipal, a aula de música do CPI dos Dices pode estar dispoñible para actividades de tipo musical non tan formais como as que se imparten na escola de música. Por exemplo, preparar actuacións para festivais, organizar un coro no noso colexio ou aprender os fundamentos básicos do que é unha coreografía.

### 3.4.5 Outros espazos.

No CPI dos Dices hai outros espazos dispoñibles para posibles actividades vespertinas. Por exemplo, na aula de Tecnoloxía se levaría a cabo a actividade de Robótica, que tan bos resultados ten dado ao noso centro en cursos anteriores (no curso pasado, campións de España). Nos patios exteriores se poderían facer actividades de orientación, ludomotricidade, etc. No vestíbulo do edificio Administrativo, exposicións. E así con tódolos espazos dispoñibles.



**XUNTA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES**

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: [cpi.dos.dices@edu.xunta.es](mailto:cpi.dos.dices@edu.xunta.es)

---

### 3.5 Piscina climatizada municipal de Padrón.

O CPI dos Dices e a ANPA San Isidro organizan tódolos anos actividades de aprendizaxe de habilidades acuáticas e natación na piscina de Padrón. A xornada única facilitaría que estas actividades non se realizasen en horario lectivo (como vén acontecendo coas actividades organizadas polo centro) nin nun horario intempestivo debido á duración da xornada escolar (como vén acontecendo coas organizadas pola ANPA).





#### 4 Tipos de actividades que se ofertarían.

Prácticamente todas as actividades que pasamos a relatar xa se están a facer no CPI dos Dices, se ben moitas delas dun xeito deficiente por falta de tempo e medios. Polo tanto, son completamente viables. O cambio a xornada única faríaaas accesibles á totalidade do alumnado e dotaríaas dos medios necesarios para convertilas en plenamente rendibles e satisfactorias.

##### 4.1 Deportivas.

- Aprendizaxe de diversos deportes: patinaxe, fútbol sala, baloncesto, voleibol, balonmán, karate, baile deportivo, etc.
- Creación de equipos que poidan competir a nivel federado.
- Participación no programa de Deporte Escolar da Consellería de Educación e O.U.
- Competicións deportivas (ligas, campionatos) de diferentes deportes.
- Cursos de natación na piscina de Padrón.
- etc.

##### 4.2 Artísticas.

- Cursos de debuxo e pintura.
- Cursos de debuxo técnico.
- Cursos de escultura.
- Pintura de mans, elaboración de monicreques, manualidades diversas...
- Exposicións dos anteriores.
- Elaboración de cortos cinematográficos co material audiovisual do centro.
- Ciclos de cine.
- etc.



#### 4.3 Musicais.

- Clases de linguaxe musical e solfeo na Escola de Música.
- Clases de instrumentos.
- Preparación de festivais na aula de música do centro.
- Audicións e ciclos de historia da música na aula de música.
- etc.

#### 4.4 Literarias.

- Obradoiros de expresión escrita.
- Encontros poéticos.
- Charlas de autores relevantes da literatura galega.
- Concursos de relatos e poesía.
- Actividades da biblioteca.
- Salón do libro.

#### 4.5 Científico-tecnolóxicas.

- Cursos relacionados coa informática e as TIC.
- Actividades relacionadas coas TIC na aula de informática.
- Mantemento da web.
- Aula virtual.
- Actividades de robótica.
- etc.

#### 4.6 Estudo.

Posibilidade de que haxa profesorado para atención a alumnado que precise resolver dúbidas, axuda para facer os deberes, voltar a explicar un tema que o alumno se perdeu, etc.

- Técnicas de estudo.



#### 4.7 Reforzo e recuperación.

Establecer, para alumnado con materias pendentes de cursos anteriores, con algunha avaliación anterior suspensa, ou con necesidades específicas de apoio educativo, unhas clases que lles axuden a superar as materias atendidos polo profesorado do centro.

#### 4.8 Orientación académica, profesional, persoal...

- Charlas sobre os estudos que debe escoller cada alumno/a en función dos seus intereses e aptitudes.
- Charlas sobre o futuro profesional en diversos campos.
- Cómo elaborar un currículo, etc.

#### 4.9 Educación sexual, prevención de drogodependencias, educación vial...

- Charlas de educación sexual e prevención de enfermidades de transmisión sexual.
- Charlas para a prevención de drogodependencias.
- Obradoiros de consumo.
- Obradoiros de educación vial e prevención de accidentes de tráfico.
- etc.

Gustaríanos resaltar unha vez máis que, dun xeito ou doutro, todas as actividades mencionadas se veñen realizando no CPI dos Dices nos últimos anos, co que consideramos que son totalmente viables. A cuestión é que, coa xornada única de mañá, as mañás quedarían exclusivamente para as clases, e nas tardes, con máis tempo e medios, se poderían realizar dun xeito máis satisfactorio.



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DOS DICES**

15911 ROIS (A Coruña)

Teléfono 981 804 270 Fax 981 800 064 e-correo: cpi.dos.dices@edu.xunta.es

5 Horario das actividades.

O horario das actividades pasaría a ser:

| TIPO DE ACTIVIDADE                               | DÍAS  | HORARIO     |
|--|-------|-------------|
| Actividades na aula de informática do centro     | LU-XO | 15:45-17:25 |
| Actividades na aula de plástica do centro        | LU-XO | 15:45-17:25 |
| Actividades na biblioteca do centro              | LU-XO | 15:45-17:25 |
| Actividades de estudo                            | LU-XO | 15:45-17:25 |
| Actividades de reforzo e recuperación            | LU-XO | 15:45-17:25 |
| Actividades no pavillon polideportivo            | LU-VE | 15:00- ...  |
| Actividades na escola de música municipal        | LU-VE | 15:00- ...  |
| Actividades na piscina de Padrón                 | LU-VE | 15:00- ...  |
| Actividades de Chorima                           | LU-VE | 15:00- ...  |
| Actividades na biblioteca municipal              | LU-VE | 15:00- ...  |
| Actividades na sala de informática municipal     | LU-VE | 15:00- ...  |
| Actividades no edificio multiusos                | LU-VE | 15:00- ...  |
| Charlas de Orientación Académica e Profesional   | LU-XO | 15:45-17:25 |
| Charlas de Educación Sexual, Vial, prevención... | LU-XO | 15:45-17:25 |
| Concursos e Exposicións                          | LU-VE | 15:00- ...  |
| Ciclos de Cine                                   | LU-VE | 15:00- ...  |
| Actividades de robótica, novas tecnoloxías...    | LU-XO | 15:45-17:25 |



## 6 Funcións do profesorado.

O profesorado do CPI dos Dices, conforme o que estipula a normativa vixente, e cun protagonismo especial do equipo directivo, cumpriría coas seguintes funcións dentro das actividades extraescolares vespertinas a partir da implantación da xornada lectiva única de mañá:

- Garantir que o centro estea aberto polas tardes para o alumnado que desexe ou precise acudir ao mesmo.
- Organizar as actividades nas que se estruturarán as tardes.
- Facer chegar a oferta de actividades á totalidade do alumnado.
- Coordinarse co resto de entidades que organizarán tamén actividades nese período de tempo dentro do recinto escolar, ou nas súas inmediatezas.
- Atender ao alumnado que utilice a biblioteca escolar.
- Atender ao alumnado que utilice a sala de informática.
- Atender ao alumnado nas actividades de reforzo e recuperación; estudo; charlas; educación sexual; prevención de drogodependencias, etc.
- Organizar as actividades mencionadas (ciclos de cine, concursos literarios, cursos e exposicións artísticas, robótica, etc.), ou alomenos aquelas que sexan factibles e presenten demanda.
- Impartir as técnicas de estudo, resolver dúbidas, axudar ao alumnado no que o precise.
- Todas aquelas, dentro do que estipula a normativa, destinadas a favorecer o éxito e aproveitamento das actividades para o alumnado e as súas familias.

## 7 Medios de transporte.

O transporte escolar pasaría a ter un horario de ida ao centro chegando ao mesmo ás 8:45, e de volta saíndo ás 15:00 horas. A partir de aí, o alumnado participante nas actividades das tardes non dispoñería de medio de transporte para voltar á casa (ao igual que sucede no resto dos centros con xornada única que coñecemos).

Á marxe da cooperación dos pais e nais, que asuman o transporte de volta cos seus vehículos particulares, como se fai mesmo actualmente no caso dos alumnos/as que se quedan a actividades, e mesmo da posible organización entre eles para optimizar recursos, cremos factible a contratación dun bus que levaría



aos alumnos participantes nas actividades aos seus domicilios e que estaría costeadado en parte polo propio centro educativo, en parte polo concello, ANPA e polas familias dos alumnos interesados.

## 8 O Plan Concilia.

Neste curso académico 2009-2010 instaurouse, por iniciativa do Concello de Rois e coa total colaboración do CPI dos Dices, o programa Concilia, cun notable éxito entre as familias. De continuar no curso próximo, si se aproba a implantación da xornada lectiva única de mañá, pasaría a haber dúas profesionais do sector educativo para poder atender a un significativo número de alumnos das 15:00 horas en diante, ao igual que están a facer actualmente.

O éxito do programa Concilia lévanos a pensar que a conciliación da vida familiar e laboral é un problema cada vez máis presente nas familias do alumnado de Rois, co que consideramos especialmente útil a implantación da xornada única para favorecer este aspecto que tanto preocupa ás familias.

## 9 Viabilidade económica.

O análise económico das actividades extraescolares a realizar no horario vespertino pasa por tres factores:

- As actividades a realizar no CPI dos Dices e a cargo do profesorado: serían actividades gratuítas, sen coste algún para as familias do alumnado participante.
- As actividades deportivas, musicais, culturais (Chorima): terían o coste que as entidades organizadoras propoñan. Supoñemos que un coste similar ao actual, que consideramos perfectamente asumible tendo en conta a calidade das actividades ofertadas.
- O transporte aos domicilio de volta tras as actividades: no caso de que as familias se fagan cargo de vir buscar os alumnos/as, non tería coste engadido. No caso de precisar transporte en bus, o centro subvencionaría parte dese transporte, ao igual que o Concello e a ANPA, se ben as familias deberían engadir parte do mesmo ao coste da propia actividade.